Davallia canariensis (L.) Sm., 1793

cabriña
pulipuli, cochinita, calaguala, cabriña, batatillas
davàlia, cabriña, pulípulí
hare's-foot fern, deer-foot fern, Canary fern, rabbit foot fern, spider f.
renda portuguesa, feto dos carvalhos, cabrinha, pata de coelho



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Monilophyta	**Polypodiopsida**	**Polypodiales**	**Davalliaceae**	***Davallia***

ORIXE

Illas Canarias e Península Ibérica.

CARACTERÍSTICAS

Frondes de entre 15 e 50 cm de altura, verdes brillantes, de forma triangular, coriáceas e moi divididas (tri ou tetrapinnadas). Pecíolo longo (igual cá lámina), de cor castaño-avermellada e paleáceo. Rizoma longo, sinuoso, rastreiro, cuberto de páleas lanceoladas (escamas) de cor castaña ou alaranxada brillante, dándolle aspecto de “pata de coello”.

HÁBITAT

Zonas frescas e húmidas, medrando como planta rupícola (en rochas, muros e pedregais) e epífita (troncos e pólas de árbores coma o loureiro ou o piñeiro). Prefire luz filtrada (sen sol directo) e climas temperados libres de xeadas severas.

DISTRIBUCIÓN

Zona macaronésica (Illas Canarias e Madeira), Península Ibérica e norte de África.

CURIOSIDADES

As súas raíces non adoitan enterrarse, medran por fóra da maceta ou sobre a superficie, cumprindo unha función vital de absorción de auga e nutrientes.